

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio do 2022 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 23 de maio de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1312

MONTERROSO*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación con data de 13/05/2022 o expediente de modificación de créditos num. 11 de 2022 financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, dentro do vixente Orzamento municipal, por un importe de **douscentos oitenta e sete mil trescentos trinta euros con cincuenta e oito céntimos (287.330,58)** en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co art. 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 05 de marzo, exponse o público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas a Sra. Alcaldesa deste Concello.

Monterroso, 18 de maio de 2022.- A ALCALDESA, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1283

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

De conformidade cos artigos 112,3 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 169, 3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e aprobándose pola Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de Abril de dous mil vintedous, adoptou o acordo de aprobación inicial do Presuposto xeral desta Entidade do ano 2022, que resultou definitivo ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, faise constar o seguinte:

RESUMO DO REFERENCIADO PRESUPOSTO PARA 2022.-

	INGRESOS	PRESUPOSTO
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	a) OPERACIÓNS CORRENTES	
I	Impostos directos	185.305,86
II	Impostos indirectos	7.000,00
III	Taxas e outros ingresos	119.100,00
IV	Transferencias correntes	793.832,34